

MESA SECTORIAL 13/05/2026

- XORNADA LABORAL DO PERSOAL
- DIRECCIÓN DO CENT. RESIDENC. DOCENTE DE OURENSE
- CALENDARIO ESCOLAR 2026-2027
- AXUDAS GASTOS ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe abordáronse os seguintes puntos:

1. Orde do concurso de dirección do Centro Residencial Docente de Ourense

Propostas sindicais

- **Art. 6 – Criterios e rúbrica de corrección do proxecto**

Solicítase modificar os criterios e eliminar a entrevista polo seu carácter subxectivo.

- **Baremo**

Propónse reducir a puntuación máxima e mínima do proxecto (8–4 puntos).

Resposta da Administración

- Non se acepta ningunha das propostas.

2. Orde do calendario escolar 2026-2027

Valoración xeral

- Lamentamos que, un ano máis, **non se aborde unha reforma profunda do calendario escolar**, malia o compromiso previo da Administración.
- Existe un **desequilibrio evidente entre trimestres** (71 / 49 / 59 días).
- Demandamos:
 - **Equilibrio real dos trimestres.**
 - **Liberdade dos centros para fixar datas de avaliación.**
 - **Non superar os 175 días lectivos.** A proposta da Administración é de 177.



Cuestións concretas por artigo

Art. 4.2 – Programacións didácticas

- Aínda que mellora respecto ao curso pasado, **o prazo segue sendo insuficiente**.
Proponse ampliar **ata mediados de outubro**, dado o volume de tarefas de inicio de curso.

Art. 4.3 – Incorporación gradual en 4º curso de Infantil

- Os días de adaptación son insuficientes en aulas numerosas.
Proponse permitir a adaptación **ata o 30 de setembro** segundo necesidades de cada aula.
A Administración non acepta.

Art. 5 – Fin das actividades lectivas

- Proponse **adiantar ao 18 de xuño**.
Pendente de resposta.

Art. 6 – Vacacións de Nadal

- Proponse que o regreso sexa **o 7 de xaneiro**.
Pendente de valoración pola Administración.

Art. 12 – Servizos complementarios

- Manifestamos oposición a que **criterios de aforro no transporte escolar condicionen horarios pedagóxicos**.

A Administración indica que están condicionados polos contratos coas empresas.

Derrogatorias – Complemento titorial

- Solicitamos garantir o cobro consolidado do complemento titorial tras a derogación da Orde de 17 de xullo de 2007.

A Administración confirma que o complemento está consolidado e seguirá cobrándose.



3. Instrucións sobre a xornada semanal do profesorado 2026-2027

Valoración xeral

Destacamos que a redución horaria é **un avance histórico**, froito do traballo conxunto dos **catro sindicatos asinantes** do Acordo.

- O borrador é positivo, pero require **axustes imprescindibles** para garantir equidade, seguridade xurídica e viabilidade organizativa.

Propostas sindicais por bloques

1. Inclusión de ensinanzas de adultos

- Incorporar explicitamente **EPA e EPAPU** no apartado segundo.

2. Duración das sesións

- Garantir que **non superen as do curso 2024/25** en cada tipoloxía de centro.

3. Compensación por superar 18 sesións lectivas

- Compensación descontada **das horas de permanencia fixa**:
 - 19 lectivas → 21 permanencia fixa.
 - 20 lectivas → **sen incremento** de permanencia fixa.
- Incluir **cadro explicativo oficial** (18-19-20).
- Requirit **informe preceptivo de Inspección** para superar 18.

4. Hora de atención a familias

- Para quen teña 20 lectivas → **modalidade telemática**.
- Derrogar **art. 68 da Orde de 1 de agosto de 1997**.
- Eliminar “con carácter xeral”.
- Especificar que as tarefas alternativas ás gardas son **non lectivas**.

5. Cómputo das gardas

- Eliminar a frase previa ao punto 5, que pode xerar **problemas inexistentes** e contradicións no cómputo actual.

6. Obrigas de asistencia

- A asistencia ás actividades non fixas é obvia; se se mantén o texto, debe limitarse ás actividades do punto 5.

7. Equipos directivos

- Incluir **CPI, EPAPU e EPA**.
- Excluir **CIFP e réxime especial** (teñen regulación propia máis vantaxosa).
- En caso de discordancia entre tipoloxía e alumnado → **prevalece o criterio máis favorable**.



8. Xefaturas de departamento

- Incluir EPA/EPAPU.
- Nos unipersoais con moita carga lectiva → **redución lectiva adicional**.
- Nova redacción:
“Unha hora lectiva semanal e, adicionalmente, as complementarias fixas que determine o centro.”
- Nos departamentos grandes → especificar **lectivas + complementarias fixas**.

9. Coordinacións e dinamizacións

- Deben ser **acumulables** con outras reducións.
- Incluir CPI e EPA.
- As seccións bilingües deben ter **redución horaria**.
- Recoñecer redución para **bibliotecas non PLAMBE**.
- Recoñecer redución para **equipos TIC** tamén en centros sen EDIXGAL ou con menos de 150 alumnos.
- Incluir figura de **responsable de programas internacionais**.
- Corrixir erro en “equipos”.
- Engadir coordinacións pendentes:
 - Clube de ciencia
 - Formación
 - Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables

10. Titorías en FP

- Respetar singularidade da FP, especialmente FPB → recuperar **ata 3 horas de redución**.

11. Autonomía organizativa

- Debe aplicarse tanto ás **horas lectivas** como ás **complementarias fixas**, especialmente en centros con moita FP.

A Administración solicita as achegas por escrito para poder valoralas.

4. Orde de axudas para asistencia a actividades de formación (ED303A)

Propostas sindicais e RESPOSTA ASDMINISTRACIÓN

- Ampliar número de actividades subvencionables → **ACEPTADO (ata 3)**.
- Incluir gastos de manutención e aloxamento → **ACEPTADO**.
- Presenza sindical na comisión de valoración → Van intentar modificar o texto para incluír **todo o profesorado en activo con destino en Galicia**.



5. Outros asuntos tratados

Avaliacións de diagnóstico

- Denunciouse o mal funcionamento do aplicativo o primeiro día. A Administración atribúeo a un **problema de rede**.
- A tardanza na corrección débese a que **os centros non introduciron os correctores**.

ROCs

- Solicitamos a súa **actualización**.

Auxiliares de conversa

- Pedimos información sobre a situación do programa.
- O Ministerio non garante continuidade.

A Administración valora lanzar convocatoria para incorporación en novembro, pero **non o ve factible**.

